



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 18 de decembro de 2020 (927/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e cincuenta minutos do día dezaioito de decembro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1096).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 30.01.2020, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(1097).- CONCESIÓN DIRECTA DE SUBVECIÓN Á DIOCESE TUI VIGO MEDIANTE SINATURA DE CONVENIO ESPECÍFICO PARA O FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DA CARROZA DO SANTÍSIMO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO. EXPTE. 2324/150.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 18/12/2020, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/2020, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común

O artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local atribúe aos municipios competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e, concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural.

En data 02.09.2019 por Resolución da Alcaldía delegouse no concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, don Ángel Rivas González, a dirección e xestión da proxecto << *Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio Cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal*>> inclusive as facultades de emitir actos que afecten a terceiros e a formalización do convenio marco e convenios específicos.

O Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. No devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

A Comisión de Seguimento en sesión de data 10 de decembro de 2012 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a restauración da carroza do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo, por importe de 32.670,00 € euros.

En data 11 de decembro de 2020 a Diocese achega solicitud de subvección para o financiamento da actuación achegando ao efecto declaración de non solicitud nin obtención de axudas, certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e obrigas tributarias co Estado e Comunidade Autonoma, certificado de representación e certificado de conta bancaria.

No presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvección



Concello de Vigo

patrimonio histórico artístico relixioso.

Fronte o procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva o artigo 22.2 da LXS determina a posibilidade de concesión de forma directa das

subvencións previstas nominativamente no presuposto, e con carácter excepcional, daqueloutras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. A estes efectos no expediente consta memoria de conformidade co previsto no artigo 67.3.a do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado mediante Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo e artigo 40.2 .a) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na que se acredita as razóns de interese público, social, económico e cultural que xustifican o outorgamento directo da subvención e que se concretan no actual estado de deterioro da carroza e da importancia da mesma na procesión do Cristo da Victoria, símbolo indiscutible da nosa cidade.

A concesión da subvención directa se instrumenta mediante convenio específico segundo o disposto na cláusula segunda do Convenio marco. Neste senso, conforme o sinalado no artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público consta no expediente memoria xustificativa do convenio, proxecto borrador de convenio e conformidade ao mesmo por parte da Diocese de Tui-Vigo.

Dita directa da subvención correspondente mediante sinatura de convenio específico para o financiamento do a restauración da carroza do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo por importe de 32.670,00 € euros, con cargo aos créditos orzamentarios na partida 3360 780 0010 SUBVENCIONES PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO RELIXIOSO do presuposto municipal 2020.

O órgano competente para a concesión da subvención corresponde a Xunta de Goberno Local en virtude das facultades delegadas por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e posterior de data 17.08.2020.

Polo exposto, previo informe xurídico e de Intervención elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de concesión directa á Diocese Tui Vigo mediante sinatura de convenio específico para o financiamento da restauración da carroza do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo por importe de 32.670,00 € euros.

SEGUNDO.- Aprobar o texto do Convenio segundo anexo I

TERCEIRO.- Aprobar e dispoñer o gasto que comporta dita subvención por importe de 32.670,00 € euros imputándose á partida presupostaria 3360 780 0010 do estado de gastos del presupuesto. ”

CUARTO.- Publicar o convenio no portal de transparencia segundo o artigo 8.1.c) da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso e Información Pública e Bo Goberno.

ANEXO I

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DIOCESE DE TUI-VIGO PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DA RESTAURACIÓN DA CARROZA DO SANTÍSIMO CRISTO DA VICTORIA DE VIGO

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, a XXXXXXX de dous mil vinte

REUNIDOS

Dunha parte, don Ángel Rivas González, concelleiro da área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en virtude das facultades conferidas por Resolución de data 02.09.2019 respecto da dirección e xestión da proxecto <<Convenio Marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui-Vigo para contribuír ao mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do patrimonio cultural, titularidade eclesiástica sito no termo municipal de Vigo>>

Doutra parte, D. Jesús Martínez Carracedo, con NIF 76898257 B, e domicilio en Rúa Dr. Corbal, 90 - 36207, Vigo. Ostenta a súa representación en virtude de certificación incorporada ao expediente, pola que se acredita o nomeamento episcopal, non revocado nin caducado, de data 26 de febreiro de 2018. En diante “Diocese”

E, D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Municipal por delegación da Secretaria de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2020 , aos meros efectos de asistencia ao Concelleiro delegado e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para a sinatura deste convenio,

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Vigo e a Diocese de Tui – Vigo declaran o seu interese coincidente na conservación, estudo e posta en valor do patrimonio histórico, cultural e artístico da Igrexa Católica no municipio de Vigo, no marco do disposto nos artigos 16 e 46 da Constitución Española, no artigo XV do Acordo Internacional entre o Estado Español e a Santa Sede, sobre Ensinanza e Asuntos Culturais de 3 de xaneiro de 1979, segundo o cal, a Igrexa reitera a súa vontade de continuar poñendo ao servizo da sociedade o seu patrimonio histórico, artístico e documental, e concertará co Estado, as bases para facer efectivos o interese común e a colaboración de ambas partes, co fin de preservar e dar a coñecer e catalogar este patrimonio cultural en posesión da Igrexa, de facilitar a súa contemplación e estudo, de lograr a súa mellor conservación e impedir calquera clase de perdas no marco do artigo 46 da Constitución.

II.- Que conforme o artigo 25.2.a) da lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local os municipios teñen competencias municipais propias en materia de protección do patrimonio histórico e concretamente o artigo 3.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de



Concello de Vigo

Galicia dispón que as entidades que integran a Administración local, en relación cos bens do patrimonio cultural de Galicia que se localicen no seu ámbito territorial, teñen as obrigas de, entre outras protexer, difundir e fomentar o seu valor cultural. Neste senso o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento da participación cidadá na celebración de actividades de índole participativo e cultural e do fomento do coñecemento do patrimonio cultural de especial relevancia, asume a tarefa de proporcionar colaboración ás organizacións de toda índole entre as que cabe sinalar as de índole confesional. Nesta liña, se veñen desenvolvendo diversas actuacións coa Diocese de Tui-Vigo, impulsadas dende a Concellería de Parques, Xardíns, Comercio, e Distritos, para contribuír ao financiamento de obras de conservación de bens mobles e inmobles de titularidade eclesiástica radicados no concello de Vigo en pro da protección e posta en valor desta parcela do patrimonio cultural e para o fomento de actividades culturais.

III-.- Que, o Concello en data 23 de novembro de 2020 asinou convenio marco para a colaboración entre o Concello de Vigo e a Diocese de Tui Vigo para contribuír para o mantemento, conservación, restauración, difusión e divulgación do Patrimonio Cultural de Titularidade Eclesiástica sito no ámbito municipal. Que no devandito convenio convense que as distintas actuacións nel previstas se desenvolverán a través de convenios específicos.

IV.- Que a Comisión de Seguimento en sesión de data 10 de decembro de 2020 e a proposta da Diocese de Tui – Vigo, seleccionou como proposta de actuación a realizar ao abeiro de dito Convenio a restauración da carroza do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

IV.- Que no presuposto do Concello consta a partida 3360 7800010 en concepto de subvención patrimonio histórico artístico relixioso.

E, na súa virtude, ambas Institucións consideran oportuno subscribir un convenio específico de colaboración con arranxo ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRO.-OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e Diocese Tui Vigo para o financiamento dos traballos de restauración da carroza do Santísimo Cristo da Victoria de Vigo.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O presuposto total da execución dos traballos ascende a 32.670,00 euros.

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento da actuación coa cantidade de 32.670,00 € Trinta e dous mil seiscientos setenta euros (IVE incluído) que representa unha porcentaxe de 100%.

Este financiamento realizarase efectivo con a aplicación presupostaria con cargo á aplicación presupostaria partida 3360 780 0010 subvencións patrimonio histórico artístico relixioso dos orzamentos municipais

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. A estes efectos a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actuación subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

TERCEIRA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1.- A diocese Tui Vigo comprométese a:

- a) A Diocese Tui Vigo levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención nos termos do proxecto achegado ao expediente.
- b) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- c) Corresponde á Diocese a xestión dos medios materiais e técnicos, así como a contratación dos traballos necesarios para o cumprimento do obxecto do convenio, así como o abono de todos os gastos derivados da súa realización.
- d) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintas empresas. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- e) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canda comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canda documentación e información lle sexa requirida.
- f) Darlle as actividades o maior grao de publicidade incorporando os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada.
- g) Comunicar á Concellería de Distritos as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios no proxecto, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización das eventuais modificacións, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.



Concello de Vigo

- h) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención do Concello de Vigo pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

2.- O Concello de Vigo comprométese

- a) Financiamento do custe das actuacións previstas a través da concesión dunha subvención polo importe máximo establecido na cláusula segunda.
- b) Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1.- O prazo de xustificación finalizará o 1 de novembro de 2021. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei xeral de subvencións, correspondan.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 30/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a Diocese Tui-Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

2.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se propón a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto presentará unha **conta xustificativa** conformada na que constate a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por importe da subvención acadada; os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A xustificación deberá facerse mediante a presentación de facturas a través do **Rexistro electrónico do Concello de Vigo** polo total do orzamento. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.
- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

Así mesmo, achegarse copia, de ser o caso, das autorizacións para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.

QUINTA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención se realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES64 2080 5000 6930 4002 8663 entidade bancaria Novagalicia Banco da que é titular a entidade beneficiaria.

O CONCELLO xestionará o pagamento á Diocese Tui Vigo polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa;

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Non será necesario aportar nova certificación se a aportada na solicitude no expirou o prazo de seis meses de validez.



Concello de Vigo

A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Distritos do Concello de Vigo. O instrutor dos expedientes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

O xefe do servizo de Montes, Parques e xardíns como instrutor do expediente emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

SEXTA.- SUBCONTRATACIÓN

Aos efectos de aplicación deste convenio, admítese a subcontratación total das actividades subvencionadas para a execución do mesmo.

SÉTIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de desenvolvemento do convenio.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos dos artigos 37 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e 33 da Lei 9/2007, de subvenciones de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso, procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

NOVENA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO .- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia e no regulamento da dita lei.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, A Diocese Tui Vigo quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Comisión de Seguimento constituída ao abeiro do Convenio Marco resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En calquera momento durante a vixencia deste convenio, as partes por mutuo acordo e de forma expresa poderán modificar este convenio, mediante a subscripción da correspondente addenda, previo cumprimento de todos os trámites e requisitos que resulten preceptivos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Será motivo de resolución do convenio incurrir nalgunha das seguintes causas:

- 1.- Acordo unánime de todos os asinantes.
- 2.- Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumplidora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo o valor económico das obrigas deixadas de cumprir.
- 3.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 4.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN

En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de



Concello de Vigo

Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións artigo 20.4 e 20.8.b).

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude dos establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contenciosa administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1098).- REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS. EXPTE. 3078/449.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 18/12/2020, dáse conta do informe-proposta de data 18/12/2020, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto-lei 10/2020, de 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadores por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVID-19.
- Real Decreto-lei 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19
- Real Decreto 514/2020, de 8 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Real Decreto 537/20, de 22 de maio, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionado polo COVID-19.
- Orde TMA/230/2020, de 15 de marzo, pola que se concreta a actuación das autoridades autonómicas e locais respecto da fixación de servizos de transporte público da súa titularidade.
- Orde TMA/254/2020, de 18 de marzo, pola que se dita instrucións en materia de transporte por carreteira e aéreo.
- Orde TMA/259/2020, de 19 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre transporte por carreteira.
- Orde TMA/273/2020, de 23 de marzo, pola que se ditan instrucións sobre redución dos servizos de transporte de viaxeiros.



Concello de Vigo

- Orde TMA/306/2020, de 30 de marzo, por la que se ditan instrucións sobre redución de servizos de transporte de viaxeiros durante a vixencia do Real Decreto-lei 10/2020.
- Orde TMA/384/2020 de 3 de maio pola que se ditan instrucións sobre a utilización de mascarillas nos distintos medios de transporte e se fixan requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- Orde SND/399/2020, de 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición a unha nova normalidade.
- Orde TMA/400/2020, de 9 de maio, pola que se establecen as condicións a aplicar na fase I da desescalada en materia de mobilidade e se fixan outros requisitos para garantir unha mobilidade segura.
- Orde SND/414/2020, de 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/440/2020, de 23 de maio, pola que se modifican diversas ordes para unha mellor xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en aplicación do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/458/2020, do 30 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde SND/507/2020, do 6 de xuño, pola que se modifican diversas ordes co fin de flexibilizar determinadas restricións de ámbito nacional e establecer as unidades territoriais que progresan ás fases 2 e 3 do Plan para a transición cara unha nova normalidade.
- Orde de 6 de maio de 2020 pola que se aproban medidas a aplicar nos servizos de transporte público de viaxeiros de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión de 26 de maio de 1994.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adxudicou a Viguesa de Transportes, S.A., a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un limite de 35 anos.

Segundo.- En data 24 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Apreciar a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe este contrato, aprobado por Acordo Plenario de data 26 de maio de 1994, a consecuencia das medidas aproba-

das polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Reducir, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA) en data 23 de marzo de 2020 e que obra no expediente dixital 3047-449.

3º.- Autorizar a adopción, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, das seguintes medidas excepcionais enfocadas a impedir a transmisión do virus e a protexer a saúde dos traballadores e usuarios do servizo público de acordo coa Orde TMA/ 254/2020 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana consistentes en:

1. Obrigación de acceso/saída dos clientes exclusivamente polas portas central e/o traseira (articulados) facendo uso da segunda validadora situada próxima a esta porta, bloqueando para o seu uso a dianteira.
2. Limitar o aforo de cada un dos autobuses a un máximo de 30% da súa capacidade.
3. Obrigación para os clientes do servizo de manter a distancia mínima de seguridade un metro co condutor e co resto dos pasaxeiros, limitando o uso das butacas de forma que sempre exista unha libre de separación.
4. Prohibición de ocupación das primeiras liñas de asentos.

4º.- Autorizar á Concellería Delegada de Transportes a acordar a supresión do cobro en metálico, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, sempre que o contratista acredite a posta en funcionamento dun procedemento para a expedición e entrega inmediata, nun prazo de 24 horas como máximo, das tarxetas que permitan o pago do billete a todas as persoas usuarias que non dispoñan da tarxeta passVigo.

5º.- Comunicar á Xunta de Galicia a porcentaxe de redución do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no apartado 2 deste acordo”.

Terceiro.- En data 13 de maio de 2020, a XGL acordou:

“Modificación da porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 24 de marzo de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos desde as 00:00 horas do 11 de maio de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:

- *Días laborables: até un 73%*
- *Sábados: até un 75%*
- *Domingos e festivos: até un 81%”*

Cuarto.- En data 24 de maio de 2020 Vitrasa solicita 2.389.972,52 euros (1.013.908,49 € correspondente as perdas soportadas durante o mes de marzo de 2020 e a cantidade de 1.376.04,03 € correspondente as perdas soportadas durante o mes de abril de 2020).



Concello de Vigo

Quinto.- En data 3 de xuño de 2020, a xefa do servizo de Transportes, formula informe proposta á XGL de prórroga do contrato que nos ocupa. Tras relatar que este órgano, na sesión de 27 de decembro de 2018, acordou denunciar a prórroga deste contrato e detallar o estado do expediente creado para unha nova licitación desta concesión, xustifica a súa proposta de prórroga. Esta sustentase no feito de que a causa da pandemia a situación do transporte de viaxeiros ten mudado é resulta imposible determinar cando se van a recuperar os niveles de usuarios previos á mesma. Por esta razón non resulta veraz a data actual o estudo de viabilidade da concesión elaborado para esta nova licitación. A continuación fixa as condicións da prórroga.

Desta proposta deuse traslado ó concesionario, que en escrito de 4 de xuño, manifesta a súa conformidade á mesma, e formula a salvedade de que “non implica a renuncia a ningún dereito respecto da reclamación de restablecemento do equilibrio económico presentada pola situación derivada do Covid 19”.

Sexto.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Modificar a porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 13 de maio de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos desde as 00:00 horas do 1 de xuño de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:

- *Días laborables: até un 84%*
- *Sábados: até un 88%*
- *Domingos e festivos: até un 88%*

(...)”.

Sétimo.- En data 11 de xuño de 2020 a XGL acordou:

“Comunicar ó contratista o fin da suspensión parcial da execución do contrato concesión de servizo público do servizo de transporte urbano urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 á Viguesa de Transportes, S.A., procedendo á reanudación total do servizo o luns 15 de xuño de 2020.”

Oitavo.- En data 27 de agosto de 2020 Vitrasa solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 1.585.058,11 €, correspondente ao desequilibrio xenerado no mes de maio de 2020.

Noveno.- En data 28 de agosto de 2020 Vitrasa solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 1.038.112,36 € correspondente ao desequilibrio xenerado no mes de xuño de 2020.

Décimo.- En data 8 de setembro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 887.144,94 € correspondente ao desequilibrio xenerado no mes de xullo de 2020.

Undécimo.- En data 26 de setembro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financiero do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 727.928,25 € correspondente ao desequilibrio xenerado no mes de agosto de 2020.

Duodécimo.- En data 15 de outubro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financiero do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 826.425,48 € correspondente ao desequilibrio xenerado no mes de setembro de 2020.

Décimo terceiro.- En data 4 de decembro de 2020 a xefa do servizo de Transportes envía informe ó servizo de Contratación propoñendo o reequilibrio do contrato que nos ocupa por mor da suspensión parcial do servizo durante o estado de Alarma.

Décimo cuarto.- En data 4 de decembro de 2020, a petición do servizo de Contratación, o Interventor Xeral emite informe sobre a solicitude do concesionario e o informe da responsable do contrato.

Décimo quinto.- En data 4 de decembro de 2020 evacúase trámite de audiencia ó concesionario, axuntándose á notificación do mesmo os informes citados nos antecedentes anteriores. VI-TRASA presenta escrito de alegacións o día 9 de decembro de 2020, dentro do prazo conferido ó efecto.

Décimo sexto.- En data 11 de decembro a responsable do contrato emite informe sobre as alegacións formuladas polo concesionario.

Décimo sétimo.- En datas 17 e 18 de decembro, a petición do servizo de Contratación, a responsable do contrato e o xefe de área de Investimentos, aclaran determinados aspectos do informe citado no apartado anterior.

Décimo octavo.- En data 18 de decembro, a xefa do servizo de Transportes informa que en relación co expediente 3078-449 de solicitude de equilibrio da concesión do transporte urbano de viaxeiros da cidade, e revisados os informes realizados por este servizo nas datas 4 e 11 de decembro comprobouse que a aplicación presupuestaria proposta non é a adecuada polo que se propón que a aplicación que soporta a indemnización que debe figurar para a imputación do cargo e a 44122269900 Reequilibrio Tuc, bolsa de vinculación xurídica vixente.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 á Viguesa de Transportes, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público.



Concello de Vigo

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

-II-

Da suspensión parcial do contrato

O Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, declara o estado de alarma para xestionar a situación de crise sanitaria xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

No seu artigo 7 limita a liberdade fundamental de circulación das persoas, recoñecida no artigo 19 da CE durante a vixencia do estado de alarma, constriñendoa ós supostos autorizados no seu apartado 1 e sempre respectando as recomendacións e obrigas ditadas polas autoridades sanitarias (apartado 3).

O artigo 14 deste RD, en consonancia coa restricións impostas no artigo 7 á liberdade de circulación, establece medidas en materia de transportes.

As medidas en materia de transportes perseguen dous obxectivos:

- a) Por un lado, limitar a circulación de medios de transporte colectivos, autorizando ás autoridades a reducir a porcentaxe do servizo, se ben respectando certos límites.
- b) Por outro, adoptar medidas de hixiene e sanitarias para evitar contaxios tanto os condutores como ós usuarios.

O artigo 14 do RD 463/2020 no seu apartado 2.c impón a obriga de manter os servizos de transporte público de competencia autonómica o local que estean sometidos a contrato público, como o que nos ocupa, se ben permite ás autoridades competentes en cada caso, establecer unha porcentaxe de redución de servizos no caso de que a situación sanitaria así o aconselle. Somete está opción a dous límites:

- Garantir que os cidadáns poidan acceder ós seus postos de traballo.
- Garantir os servizos básicos.

Remata establecendo unha cláusula de peche que permite ás autoridades competentes adoptar todas aquelas medidas adicionais necesarias para limitar a circulación de medios de transporte

colectivos que resulten necesarias e proporcionadas para preservar a saúde pública (apartado 5).

A facultade de redución do servizo é desenvolta nas Orde TMA/230/2020 e Orde TMA/273/2020.

En cumprimento desta normativa, a XGL, en data 24 de marzo de 2020, acordou a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe o contrato e reduxo, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas nas distintas solicitudes da empresa concesionaria.

Posteriormente, as diferentes ordes ministeriais do Ministerio de Transportes, Mobilidad y Agenda Urbana do goberno de España (Orde TMA/306/2020, Orde TMA/384/2020, Orde TMA/400/2020) estableceron os diferentes niveis de prestación do servizo público de transporte urbano; e as ordes ministeriais do Ministerio de Sanidade (Orde SND/399/2020, Orde SND/414/2020, Orde SND/440/2020, Orde SND/458/2020) foron regulando a desescalada do confinamento de cara a unha nova normalidade as cales afectaron os niveis de prestación do servizo de cara a garantir ó acceso dos cidadáns o seu posto de traballo primeiro e a facilitar a súa mobilidade. Co fin de cumprir esta normativa, a XGL, en datas 13 de maio e 5 de xuño de 2020, acordou sendas modificacións da porcentaxe de prestación do servizo. Finalmente, o 11 de xuño de 2020 acordouse á reanudación total do servizo o luns 15 de xuño.

-III-

Recoñecemento do dereito o reequilibrio da concesión por mor da suspensión da execución do contrato como consecuencia do coronavirus Covid-19

O Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública.

Este, no seu apartado 4, determina que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19, afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, como a presente, só procederá acordar o reequilibrio económico do contrato, cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4).

No caso que nos ocupa, o órgano de contratación, en data 24 de marzo, declarou a imposibilidade de executar o contrato nos termos previstos nos pregos por mor das medidas adoptadas polas autoridades para combater o coronavirus, e reduciu, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo en distintas porcentaxes en función da evolución da situación e as fases fixadas para a desescalada. Así, a porcentaxe inicial (50%) foi incrementado en acordos de datas 13 de maio, 24 de maio e 5 de xuño. O servizo restableceuse o 11 de xuño con efectos desde o 15.

O procedemento para acordar o reequilibrio da concesión impón o cumprimento dos seguintes requisitos:

- A presentación dunha solicitude de reequilibrio económico polo contratista.



Concello de Vigo

- Que o contratista acredite fehaciente a realidade, efectividade e importe dos gastos.
- Que o órgano de contratación, a instancia del contratista, apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo.

Analizaremos a continuación a concorrencia dos mesmos.

A imposibilidade de execución do contrato foi declarada por acordo da XGL do 24 de abril de 2020, que declara a imposibilidade de executar o contrato desde o 16 de marzo de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019. Este órgano declarou o fin da suspensión e a reanudación da execución total do contrato en data 11 de xuño con efectos dende o 15 de xuño de 2020. Con respecto á data de efectividade desta suspensión aclara o servizo en informe de data 18 de decembro o seguinte:

“En relación co cuestión relativa ao período de imposibilidade de prestar o servizo -16 de marzo a 14 de xuño- informase o seguinte :

A empresa solicita a declaración da imposibilidade de prestar o servizo dende a data 16 de marzo inclusive, data na que xa se reduxo o servizo debido a declaración do estado de alarma polo RD 463/2020 e de acordo coa Orde TMA/254/220 habendose comunicado dita redución ao Concello pola empresa concesionaria por correo electrónico na data 15 de marzo de 2020.

A solicitude formal de declaración da imposibilidade de prestar o servizo foi presentada na data 23 de marzo de 2020 pola empresa concesionaria, debido as dúbidas sobre a forma de formularla derivadas do imprevisto da situación e da lexislación que dictabase .

No informe emitido por este servizo na data 23 de de marzo, xa se recolle:

*“PRIMEIRO: Informase favorablemente, con carácter temporal e mestras dure a situación de alarma e as súas posibles prorrogas, a solicitude formulada pola empresa Viguesa de Transportes S.L. **ante a imposibilidade de prestar, dende o luns 16 de marzo de 2020 (inclusive)**, o servizo de conformidade ao previsto no prego de condicións aprobado por Acordo Plenario de data 26 de maio de 1994 que rexe o contrato e as súas modificacións posteriores, como consecuencia da situación xenerada pola pandemia COVID-19 e a normativa aprobada nos últimos días polo Goberno en relación cos servizos de transporte, para que polo órgano de contratación se **fixe o porcentaxe de redución do servizo que se ven realizando dende dita data**”*

E no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local no numero 2 di :

*“2º.- **Reducir, durante a vixencia do estado de alarma**, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA) en data 23 de marzo de 2020 e que obra no expediente dixital 3047-449.”*

Polo que de conformidade co citado informe e o acordo adoptado na data 24 de marzo de 2020, computase o período de imposibilidade parcial de prestar o servizo dende o 16 de marzo de 2020 data da redución efectiva do servizo”

En datas 24 de maio, 27 e 28 de agosto, 8 e 26 de setembro e 15 de outubro de 2020 o contratista presenta solicitudes de reequilibrio económico. Se ben, estas non se refiren ó período en que foi imposible executar o contrato nos seus propios termos (do 16 de marzo o 14 de xuño),

senón que solicita a compensación pola perda dos ingresos reais sufridos dende o 16 de marzo na totalidade do negocio concesional, isto é, non soamente pola parte do contrato suspendida, e ademáis abarca un período máis amplo que o da suspensión parcial do contrato.

Axunta ás solicitudes a documentación acreditativa dos gastos que lle ocasionou a imposibilidade parcial de executar o contrato.

-IV-

Do reequilibrio da concesión

O artigo 34.4 do RDL 8/2020 determina dúas formas de reequilibrio contractual:

- A ampliación da duración inicial da concesión ata un máximo dun 15 por 100.
- A modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Da documentación presentada e do informe do servizo xestor despréndese que no caso que nos ocupa optase por modificar as cláusulas de contido económico incluídas no contrato. En concreto, optase por establecer unha compensación económica única que aboarase en efectivo. Xustifícase esta opción no informe do xefe de área de Investimentos e da xefa do servizo de Transportes de data 17 de decembro de 2020 dicindo que:

“A solicitude da Xefa do Servizo de contratación, procedese a emitir o seguinte informe en relación aos condicionantes técnicos e económicos sobre a proposta da medida de equilibrio económico-financeiro da concesión mediante a compensación económica, e non sobre a ampliación da duración da concesión indicada no artigo 34.4 do Real Decreto-Lei 8/2020

O restablecemento do equilibrio económico-financeiro da concesión mediante a ampliación da duración da concesión indicada no artigo 34.4 do Real Decreto-Lei 8/2020, debe ser analizado de forma específica ao modelo económico que rexe este contrato, e de forma analítica en relación os valores económicos que o conforman o mesmo.

Á vista do contido de solicitude de reequilibrio económico presentado pola Concesionaria, debemos referirnos de forma específica a que os datos sobre a perda do número de viaxeiros como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19 (marzo -50,30 %, abril -90.64 %, maio -79,75 %, xuño -55,78 %), supoñen un desequilibrio desmesurado no modelo económico desta concesión, a cal se sustenta de forma principal (+98.5%) polos ingresos recibidos dos usuarios.

Así mesmo deberemos ter en conta que as condicións propias e exclusivas deste contrato, tanto en relación á obrigatoriedade do servizo, como os propios condicionantes dos custos, determinan unha gran dificultade para garantir o reequilibrio en relación á medida de ampliación do prazo contractual.

Debemos de atender que a afección económica en relación á perda de ingresos pola minución producida nas viaxes, alcanza unha magnitude desmesurada en relación ao volume de negocio anual do contrato (só nos meses de marzo a xuño perdéronse máis de 4,7 millóns de viaxes sobre un total de 22,5 millóns de viaxes no ano 2019).

A situación descrita ten unha afección directa neste momento do contrato, a magnitude na perda de ingresos esta a xerar un alto risco de quebra estrutural do contrato atendendo á realidade manifestada pola concesionaria, polo cal se require unha actuación a curto prazo, que



Concello de Vigo

posibilite de forma proporcionada reequilibrar esta situación co fin de garantir a continuidade desta prestación.

A posibilidade de ampliación do prazo contractual nun 15 % do prazo inicial do contrato, establecería un escenario dunha ampliación de 3 anos e 9 meses (15% de 25 anos), que se sumarían aos 4 anos que restan da actual prorroga, nos cales, á vista da situación axustada do resultado final de explotación económica (véxase o dato do resultado auditado das contas anuais dos exercicios 2017, 2018 e 2019) no posibilitará equilibrar esta situación.

A concesionaria, con carácter anual, unha vez aprobadas as contas anuais, auditadas por imperativo legal, deposita as mesmas no Rexistro Mercantil e envía copia ao Servizo.

Das contas anuais, dedúcese que a actual concesionaria ten no últimos tres anos un resultado exíguo o cal se corresponde coas propias peculiaridades do contrato.

- 2017: 224.549,00 €
- 2018: 23.437,00 €
- 2019: 91.305,00 €

A estes datos, temos que engadir algunhas das conclusións vinculadas cos estudos económicos realizados durante o ano 2019 no marco do expediente iniciado para unha nova concesión. Neste sentido, debemos referirnos a que os indicadores económicos que definen a estrutura de custos da actual concesionaria, atópanse moi axustados e no seu caso por baixo dos indicadores do sector, polo cal estas referencias reflicte que a marxe de manobra para xerar un maior nivel de rendibilidade, soamente orientábase na potenciación do transporte urbano colectivo, e sobre todo polas expectativas existentes no marco do desenvolvemento do urbano sustentable e dunha nova mobilidade, proxectos e pilares que foron derrubados a nivel mundial pola crise provocada polo COVID-19.

Así mesmo debemos de ter en conta que a ampliación de prazo, non provoca ningunha vantaxe económica para o concesionario coa que compensar a magnitude do desequilibrio que se pon de manifesto neste expediente, xa que a ampliación, leva implícito a continuidade dos principais gastos do modelo económico, tanto en relación as amortizacións dos medios adscritos (flota de autobuses), así como tamén de todos os gastos derivados dos custos do persoal adscrito, do mantemento e dos consumos de todos os medios necesarios para posibilitar o alcance actual do servizo, o cal imposibilitará a xeración dunha nova marxe de beneficio que equilibre a magnitude do desequilibrio actual.

Polo exposto, deben de propoñerse outras medidas de carácter extraordinario e de incidencia económica inmediata, que garantan a viabilidade básica do sistema económico que sustenta a concesión, co obxecto de garantir a continuidade dunha prestación obrigatoria para a administración, e que busca primordialmente a defensa do interese xeral que se deriva deste contrato.

A modo de exemplo, e polo valor de transferencia cara ao obxecto deste contrato, é oportuno indicar que O Real Decreto-lei 26/2020, de 7 de xullo, de medidas de reactivación económica para facer fronte ao impacto do COVID-19 nos ámbitos de transportes e vivenda, regula no seu título 4 as medidas específicas que afectan o transporte por estrada e, concretamente o seu artigo 24, establece o procedemento de solicitude de reequilibrio económico deste tipo de contratos de xestión de servizos públicos, o cal vén establecer un método de calculo para definir unha contía compensatoria.

Nese caso é importante destacar que o Estado no ámbito das súas competencias, procedeu a concretar un marco claro e detallado para levar a cabo o reequilibrio económico nos contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral de competencia estatal, e sobre todo de acordo coa necesidade definida na introdución e xustificación deste RDL, que indica literalmente "Adicionalmente, establécese un procede-

mento áxil para reequilibrar economicamente os contratos de xestión de servizos públicos de transporte regular de viaxeiros por estrada de uso xeral de competencia estatal, que permita aplicar as previsións do referido artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, coa rapidez suficiente para evitar as cargas administrativas e sociais adicionais que puidese levar, nalgúns casos, a renuncia contractual e o consecuente abandono do servizo público”.

Por todo o exposto, a xuízo dos asinantes deste informe, a medida de equilibrio económico-financeiro da concesión mediante a ampliación da duración da concesión indicada no artigo 34.4 do Real Decreto-Lei 8/2020, en relación as peculiaridades técnicas e económicas expostas, non posibilitarán o marxe económico necesario para garantir o equilibrio económico-financeiro solicitado pola actual concesionaria como consecuencia da situación de feito creada polo COVID-19”.

O citado precepto tamén fixa os conceptos a indemnizar:

- A perda de ingresos.
- O incremento de custes. Nestes se considerarán incluídos os posibles gastos salariais adicionais, respecto ós previstos na execución ordinaria, que efectivamente abonen durante o período de duración da situación de feito creada polo COVID-19.

Este reequilibrio está configurado no citado artigo 34.4 como un dereito do contratista, ao que lle compensará da perda de ingresos e, no seu caso, do incremento de gastos, xerados pola pandemia. Máis é preciso por de releve que non se trata dunha modificación contractual, senón dunha medida extraordinaria adoptada por unha norma ditada para facer fronte ás consecuencias derivadas da emerxencia sanitaria, ante a imposibilidade de cumprimento dos contratos nos seus propios termos, atendendo ó feito de que se ve afectado o réxime económico da concesión e non resultaría conforme ós principios xerais da contratación que estas consecuencias fosen asumidas integramente polo concesionario. Como dí ó profesor José María Gimeno Feliú ¹ “*esta obli-gación de adaptación interpretativa del contenido de la prestación durante el tiempo de estado de alarma, se fundamenta en principios generales del Derecho administrativo como la interdicción del enriquecimiento injusto o sin causa, el derecho a la buena administración, la seguridad jurídica, la buena fe, la protección de la confianza legítima y la responsabilidad administrativa o responsabilidad patrimonial de la Administración pública*”.

Para proceder a este reequilibrio é preciso, como se determinou no fundamento xurídico anterior a previa solicitude do concesionario e a acreditación fehaciente da realidade, efectividade e importe dos mesmos.

Revisada a documentación achegada pola empresa pola responsable do contrato, esta en data 26 de novembro, informa o seguinte:

“CONTIDO DE CADA UNHA DAS SOLICITUDES DE REEQUILIBRIO DOS MESES DE MARZO ABRIL MAIO E XUÑO

MARZO

1 José María Gimeno Feliu “La crisis sanitaria Covid-19 y su incidencia en la contratación pública”, El cronista del estado social y democrático de derecho, número 86-87,2020



Concello de Vigo

COMPARATIVA	2019	2020	Minoración
INGRESOS	2.208.223,90	1.141.919,03	- 1.157.132,68
CUSTE PERSOAL	1.362.012,19	1.229.269,27	132.742,33
INCREMENTO SEGUROS	118.520,00	124.288,79	- 5.768,79
COMBUSTIBLE	276.453,75	210.439,27	66.014,48
MANTEMENTO	126.625,24	156.053,70	- 29.428,00
CUSTE COVID-19			-20.335,96
COMPENSACIÓN			-1.013.908,49

ABRIL

COMPARATIVA	2019	2020	Minoración
INGRESOS	2.188.629,95	287.138,56	-1.901.554,39
CUSTE PERSOAL	1.307.730,69	918.832,59	388.832,59
SEGUROS	121.029,99	124.270,30	- 3.240,31
COMBUSTIBLE	274.972,52	149.199,39	125.773,13
MANTEMENTO	122.737,25	116.620,39	6.116,86
COVID-19	10.532,97	2.590,39	7.942,58
COMPENSACIÓN			-1.376.064,03

MAIO

COMPARATIVA	2019	2020	Minoración
INGRESOS	2.460.936,19	543.868,44	-1.917.067,75
CUSTE PERSOAL	1.280.505,39	1.074.283,13	206.222,26
SEGUROS gastos do citado	121.029,99	122.820,18	-1.790,19
COMBUSTIBLE	289.483,53	200.277,03	89.206,49
MANTEMENTO	132.341,80	94.071,16	38.270,65
COVID-19	11.236,71	11136,28	100,43
COMPENSACIÓN			-1.585.058,11

XUÑO

COMPARATIVA	2019	2020	Minoración
INGRESOS	2.040.681,02	977.924,48	-1.062.756,54
CUSTE PERSOAL	1.232.965,87	1.173.592,52	59.373,35
SEGUROS	121.029,99	123.793,09	- 2.763,10
COMBUSTIBLE	269.666,73	244.164,48	25.502,25
MANTEMENTO	132.547,37	184.823,38	- 52.276,01

COVID-19	19.278,63	13.840,21	5.438,42
CUSTE DE FINANCIACIÓN			-10.630,73
COMPENSACIÓN			-1.038.112,36

Neste servizo, dende a presentación das solicitudes, e considerando o periodo durante o cal o servizo de transporte estivo reducido por Acordo do organo de contratación 16 de marzo a 14 de xuño, foi requirido o concesionario para a presentación da solicitude de reequilibrio do citado periodo, solicitudes que forón completadas a finais do mes de agosto así como toda a documentación xustificativa dos gastos do citado periodo, procedendose ao estudo da mencionada documentación e da indemnización que correspondería a empresa concesionaria.

Mentras tanto publicouse o Real Decreto lei 27/2020, de 4 de agosto, de Medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente aplicable ás EELL., no que se contemplaba a asignación de financiamento a cada Concello que preste servizos de transporte publico ;

“A asignación de financiamento a cada Concello ou Deputación que preste servizos de transporte público, determinarase en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018, e o seu valor será equivalente ao 33 por cento dos devanditos ingresos. A estes efectos, os titulares dos órganos de intervención dos Concellos o das Deputacións, emitirán un certificado no que se determinen ambas cantidades. Quedan excluídos deste apartado os Concellos cujos servizos de transporte público estén integrados no el Consorcio Regional de Transportes de Madrid e na Autoridade do transporte Metropolitano de Barcelona.

Polo exposto e como consecuencia da citada publicación , se consideró que de conformidade co disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 contemplase o dereito dos titulares das concesións de servizos ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante a ampliación da duración inicial do contrato até un máximo dun 15% o mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato, e o Goberno mediante ao Real Decreto lei 27/2020 de 4 de agosto, regulo a formula que determinaba a contía do reequilibrio para o ano 2020.

Sen embargo dito Real Decreto lei non foi convalidado polo Congreso dos Deputados, polo que non esta en vigor .

A vista destes feitos e de que o desequilibrio non se compensaría por esta vía, a empresa solicitou, na data 13 de outubro de 2020, en tanto non se puideran cuantificar de forma definitiva o desequilibrio económico xenerado, previos os tramites oportunos e atendendo as dispoñibilidades orzamentarias, o abono a Vitrasa, a modo de pago a conta das cantidades reclamadas e no seu caso as que se reclamen para meses sucesivos as contías que correspondan ate o máximo do importe das cantidades reclamadas , sendo informado este servizo que o que procedía era tramitar a solicitude de reequilibrio no período no que o servizo non se prestou na súa totalidade por ser declarada a imposibilidade de prestalo por Acordo da Xunta de Goberno Local.

Polo que considerando os tramites realizados até a data, procedese a informar o expediente para a súa remisión ao Servizo de Contratación.

Comprobase que a empresa concesionaria solicita a compensación pola perdida total íntegra dos ingresos reais sufridos dende o 16 de marzo na totalidade do Negocio concesional, isto é, non soamente pola parte do contrato suspendida como se recolle no paragrafo ultimo do artigo 34,4 do mencionado Real Decreto Lei, polo que a proposta se formula atendendo ao disposto literalmente no citado artigo.

De conformidade co disposto no artigo 34,4 do Real Decreto-Lei 8/ 2020 de 17 de marzo, e os cálculos previos realizados pola Intervención municipal, segundo as cales o importe da indemnización debe calcularse unicamente sobre a parte do contrato afectada pola imposibilidade na prestación do



Concello de Vigo

servizo, que, no presente suposto, ven determinada exclusivamente, pola porcentaxe de redución do servizo aprobada en cada momento polo Órgano de Contratación, e que se recolle no cadro seguinte, no que se determina o importe total da indemnización.

DÍA	TIPO DÍA	FLOTA NORMAL (1)	FLOTA EN SERVIZO NO PERÍODO (2)	% SERVIZO (3)=(2)/(1)	% REDUCCIÓN SERVIZO (4)=100%-(3)	PROMEDIO VIAXEIRO/DÍA DO MES ANO 2019 (5)	PERDA DE VIAXEIRO POLA REDUCCIÓN DO SERVIZO (6)=(5)X(4)	TARIFA 2020 (SENIVE) (7)	IMPORTE INDEMNIZACIÓN ART. 34.4 (8)=(6)X(7)
16/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
17/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
18/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
19/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
20/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
21/03/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	36.014	18.608	1,2273	22.838,13
22/03/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	20.892	8.706	1,2273	10.684,50
23/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
24/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
25/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
26/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
27/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
28/03/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	36.014	18.608	1,2273	22.838,13
29/03/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	20.892	8.706	1,2273	10.684,50
30/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
31/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
01/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
02/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
03/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
04/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
05/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
06/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
07/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
08/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
09/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
10/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
11/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
12/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
13/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
14/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
15/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
16/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66

17/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
18/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
19/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
20/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
21/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
22/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
23/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
24/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
25/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
26/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
27/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
28/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
29/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
30/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
01/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
02/05/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	35.828	18.512	1,2273	22.720,18
03/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
04/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
05/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
06/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
07/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
08/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
09/05/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	35.828	18.512	1,2273	22.720,18
10/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
11/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
12/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
13/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
14/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
15/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
16/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
17/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
18/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
19/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
20/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
21/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
22/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
23/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
24/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
25/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
26/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
27/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22



Concello de Vigo

28/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
29/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
30/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
31/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
01/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
02/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
03/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
04/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
05/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
06/06/20	SAB	60	53	88,33 %	11,67 %	34.162	3.987	1,2273	4.892,88
07/06/20	FES	48	42	87,50 %	12,50 %	19.605	2.451	1,2273	3.007,65
08/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
09/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
10/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
11/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
12/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
13/06/20	SAB	60	53	88,33 %	11,67 %	34.162	3.987	1,2273	4.892,88
14/06/20	FES	48	42	87,50 %	12,50 %	19.605	2.451	1,2273	3.007,65
IMPORTE TOTAL DA PERDA DE INGRESOS									2.848.641,91

Durante o período comprendido entre o 16 de marzo e o 14 de xuño, e como consecuencia directa da pandemia provocada polo Covid-19 produxéronse as seguintes reducións de custes no servizo prestado:

reducións de custe de persoal derivados dos ERTES ocasionados pola redución do servizo e xustificadas pola documentación dos ERTES,
reduccións do custe de combustible derivados asimismo das reducións do servizo, xustificados polo certificado asinado polo director da Empresa Concesionaria, posto que a adquisición e o pago de combustible nos se fai mensualmente.

	Aforro custes personal Ertes	Aforro custes combustible	Total aforros
Marzo	198.672,81	53.244,63	
Abril	236.729,23	125.773,13	
Maio	42.604,16	89.206,49	
Xuño		15.562,50	
Total	478.006,02	283.786,75	761.792,77

De conformidade co disposto no mencionado artigo 34.4

“Dicho reequilibrio en todo caso compensará a los concesionarios por la pérdida de ingresos y el incremento de los costes soportados, entre los que se considerarán los posibles gastos adicionales salariales que efectivamente hubieran abonado, respecto a los previstos en la ejecución ordinaria del contrato de concesión de obras o de servicios durante el período de duración de la situación de hecho creada por el COVID-19. Solo se procederá a dicha compensación previa solicitud y acreditación fehaciente de la realidad, efectividad e importe por el contratista de dichos gastos.

Os gastos derivados da situación creada por el Covid -19 e xustificados pola empresa concesionaria mediante a presentación das correspondentes factura que figuran no expediente tramitado , e cuia relación axuntase ao expediente son os seguintes :

GASTOS COVID.19	
MARZO	33.577,36
ABRIL	8.524,66
MAIO	34.799,11
XUÑO	31.213,29
TOTAL	108.114,42

Importe do reequilibrio resultante da aplicación do artigo 34,4 2.848.641,91 €

Importe do reequilibrio menos o importe de diminución dos custes :

2.086.849.14 €

Importe do reequilibrio mais os gastos Covid-19:

2.194.963,56 €

Polo exposto se remite o presente informe ao servizo de contratación para a tramitación e aprobación si procede da cantidade de 2.194.963,56 € a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. en concepto de indemnización para manter o equilibrio económico da concesión de conformidade co previsto no artigo 34,4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. correspondente ao período de funcionamento do servizo entre o 16 de marzo e o 14 de xuño, período no que o servizo non se prestou na súa totalidade pola declaración de imposibilidade de prestalo acordada polo Órgano de Contratación.

Informase así mesmo que para a aprobación do importe de 2.194.963,56 €, existe crédito suficiente na partida 44122270600”.

Con respecto á este informe aclara noutro de data 18 de decembro o seguinte:

“Revisado o informe emitido por este servizo na data 4 de decembro de 2020, e en relación co cadro na cal se recollen os cálculos da perda de ingresos, apreciase un erro material que deberá ser corrixido : onde di ao final “ importe total da indemnización”, debe dicir “importe total da perda de ingresos “ .

As perdas de ingresos que se teñen en conta, son as que se corresponden cos porcentaxes acordados, e as lixeiras diferencias sobre as porcentaxes de servizo que se recollen no cadro, en relación coas que figuran nos acordos da Xunta de Goberno, obedecen a que estes se refiren unicamente ós vehículos da flota que operaba nese momento. Non tiveron en conta que o servizo ó CUVI xa deixara de operar polo peche da Universidade uns días antes, co coñecemento e conformidade deste servizo, polo que procede o seu aboamento”.

O erro material da táboa xa foi corrixido ó transcribir á mesma.

Pola súa banda, o Interventor Xeral, en data 4 de decembro, informa o seguinte:



Concello de Vigo

“Fundamentos xurídicos.

O apartado 4º do artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, modificado polo Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, e polo Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, dispón, con respecto ás medidas en materia de contratación pública para paliar as consecuencias do COVID-19, o seguinte:

“Nos contratos públicos de concesión de obras e de concesión de servizos vixentes á entrada en vigor deste real decreto-lei, celebrados polas entidades pertencentes ao Sector Público no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, a situación de feito creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou a Administración local para combatero darán dereito ao concesionario ao restablecemento do equilibrio económico do contrato mediante, segundo proceda en cada caso, a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato.

Devandito reequilibrio en todo caso compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados, entre os que se considerarán os posibles gastos adicionais salariais que efectivamente abonasen, respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato de concesión de obras ou de servizos durante no período de duración da situación de feito creada polo COVID-19. Só procederase á devandita compensación previa solicitude e acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

A aplicación do disposto neste apartado só procederá cando o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación descrita no seu primeiro parágrafo e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade.”.

Informe.

I.- Sobre a natureza do informe e o exercicio da función interventora.

O artigo 3 do RD 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en diante RDCI) dispón:

“1. O control interno da actividade económico- financeira do sector público local exercerase polo órgano interventor mediante o exercicio da función interventora e o control financeiro.

2. A función interventora ten por obxecto controlar os actos da Entidade Local e dos seus organismos autónomos, calquera que sexa a súa cualificación, que dean lugar ao recoñecemento de dereitos ou á realización de gastos, así como os ingresos e pagos que deles derívense, e o investimento ou aplicación en xeral dos seus fondos públicos, co fin de asegurar que a súa xestión axústese ás disposicións aplicables en cada caso. (...)”

E o artigo 7 do RDCI:

“1. O exercicio da función interventora comprenderá as seguintes fases:

- a) A fiscalización previa dos actos que recoñezan dereitos de contido económico, autoricen ou aproben gastos, dispoñan ou comprometan gastos e acorden movementos de fondos e valores.*
- b) A intervención do recoñecemento das obrigacións e intervención da comprobación material do investimento.*
- c) A intervención formal da ordenación do pago.*
- d) A intervención material do pago.*

2. A función interventora exercerase nas súas modalidades de intervención formal e material. A intervención formal consistirá na verificación do cumprimento dos requisitos legais necesarios para a adopción do acordo mediante o exame de todos os documentos que preceptivamente deban estar incorporados ao expediente. Na intervención material comprobarase a real e efectiva aplicación dos fondos públicos.”.

E, finalmente, o apartado 1º do artigo 10 do RDCI establece, con respecto ao momento para o exercicio da función interventora, que: “O órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando estea en disposición de que se dite acordo polo órgano competente.”.

Polo tanto non procede neste intre o exercicio da fiscalización previa xa que o expediente non se atopa completo, ao non constar todos os documentos que preceptivamente deben de estar incorporados ao mesmo, nin está en disposición de que se dite polo órgano municipal competente a oportuna resolución e a aprobación do gasto correspondente. Limitarase polo tanto o presente informe a avaliar a conformidade do método empregado para determinar o importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato co disposto no artigo 34.4 do RDL 8/2020.

II.- Criterio sobre o método de cálculo para a determinación do importe da compensación para o restablecemento do equilibrio do contrato en aplicación do artigo 34.4 do RDL 8/2020.

Como temos visto nos antecedentes do presente informe, o órgano de contratación do Concello de Vigo, como consecuencia da situación creada polo COVID-19 e as medidas adoptadas polas autoridades competentes para combatelo, acordou, conforme ao disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, apreciar a imposibilidade de executar parte do contrato para a prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, reducindo durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe determinada segundo o tipo de día (laborable, sábado ou festivo), establecendo as seguintes porcentaxes en cada un dos períodos que se indican, calculadas como o cociente entre a flota operativa ou en servizo e a flota normal en cada momento:

Período 1: Dende 16/03/2020 ata 10/05/2020				
Tipo día	Flota normal	Flota en servizo	% prestación servizo	% redución
Laborable	115	49	42,61 %	57,39 %
Sábado	60	29	48,33 %	51,67 %
Festivo	48	28	58,33 %	41,67 %

Período 2: Dende 11/05/2020 ata 31/05/2020				
Tipo día	Flota normal	Flota en servizo	% prestación servizo	% redución
Laborable	115	77	66,96 %	33,04 %
Sábado	60	45	75,00 %	25,00 %
Festivo	48	39	81,25 %	18,75 %

Período 3: Dende 1/06/2020 ata 14/06/2020				
---	--	--	--	--



Concello de Vigo

Tipo día	Flota normal	Flota en servizo	% prestación servizo	% redución
Laborable	115	88	76,52 %	23,48 %
Sábado	60	53	88,33 %	11,67 %
Festivo	48	42	87,50 %	12,50 %

Así resulta con meridiana claridade dos acordos adoptados polo órgano de contratación e da documentación aportada pola propia empresa concesionaria e comprobada polo servizo xestor do contrato.

Como consecuencia da imposibilidade parcial na prestación do servizo, o concesionario ten dereito ao restablecemento do equilibrio económico do contrato respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade, mediante o recoñecemento dunha compensación ao seu favor determinada pola agregación dos seguintes conceptos:

Signo	Concepto
+	Perda de ingresos
+	Incremento dos custos soportados respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato
-	Diminución dos custos soportados respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato
=	Importe compensación

En opinión desta intervención, e conforme ao disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, a perda de ingresos para cada un dos días afectados pola imposibilidade parcial na prestación do servizo deberase calcular como o resultado de multiplicar a tarifa vixente no ano 2020 (sen IVE), pola perda ou minoración diaria de viaxeiros producida como consecuencia da redución do servizo apreciada polo órgano de contratación.

A minoración diaria de viaxeiros determínase como resultado de aplicar as porcentaxes de redución do servizo de cada período sobre os viaxeiros estimados para cada día, podendo tomar como valor de referencia a estes efectos a media de viaxeiros no mes correspondente do ano 2019 para cada tipo de día (laborable, sábado ou festivo).

Realizados os cálculos anteriores resulta unha perda de ingresos como consecuencia da redución do servizo aprobada polo órgano de contratación de 2.848.641,91 euros, conforme aos cálculos seguintes:

DÍA	TIPO DÍA	FLOTA NORMAL (1)	FLOTA EN SERVICIO NO PERÍODO (2)	% SERVICIO (3)=(2)/(1)	% REDUCCIÓN SERVICIO (4)=100%-(3)	PROMEDIO VIAJEIROS/DÍA DO MES ANO 2019 (5)	PERDA DE VIAJEIROS POLA REDUCCIÓN DO SERVICIO (6)=(5)X(4)	TARIFA 2020 (SEN IVE) (7)	IMPORTE INDEMNIZACIÓN ART. 34.4 (8)=(6)X(7)
16/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
17/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
18/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
19/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
20/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60

21/03/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	36.014	18.608	1,2273	22.838,13
22/03/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	20.892	8.706	1,2273	10.684,50
23/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
24/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
25/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
26/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
27/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
28/03/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	36.014	18.608	1,2273	22.838,13
29/03/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	20.892	8.706	1,2273	10.684,50
30/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
31/03/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	71.467	41.015	1,2273	50.337,60
01/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
02/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
03/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
04/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
05/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
06/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
07/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
08/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
09/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
10/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
11/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
12/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
13/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
14/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
15/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
16/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
17/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
18/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
19/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
20/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
21/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
22/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
23/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
24/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
25/04/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	31.402	16.225	1,2273	19.913,45
26/04/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	19.122	7.968	1,2273	9.779,30
27/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
28/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
29/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
30/04/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	70.354	40.376	1,2273	49.553,66
01/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
02/05/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	35.828	18.512	1,2273	22.720,18
03/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
04/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
05/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
06/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
07/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14



Concello de Vigo

08/05/20	LAB	115	49	42,61 %	57,39 %	73.569	42.221	1,2273	51.818,14
09/05/20	SAB	60	29	48,33 %	51,67 %	35.828	18.512	1,2273	22.720,18
10/05/20	FES	48	28	58,33 %	41,67 %	21.567	8.987	1,2273	11.029,71
11/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
12/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
13/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
14/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
15/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
16/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
17/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
18/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
19/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
20/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
21/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
22/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
23/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
24/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
25/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
26/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
27/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
28/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
29/05/20	LAB	115	77	66,96 %	33,04 %	73.569	24.307	1,2273	29.832,22
30/05/20	SAB	60	45	75,00 %	25,00 %	35.828	8.957	1,2273	10.992,93
31/05/20	FES	48	39	81,25 %	18,75 %	21.567	4.044	1,2273	4.962,97
01/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
02/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
03/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
04/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
05/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
06/06/20	SAB	60	53	88,33 %	11,67 %	34.162	3.987	1,2273	4.892,88
07/06/20	FES	48	42	87,50 %	12,50 %	19.605	2.451	1,2273	3.007,65
08/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
09/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
10/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
11/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
12/06/20	LAB	115	88	76,52 %	23,48 %	69.185	16.245	1,2273	19.937,04
13/06/20	SAB	60	53	88,33 %	11,67 %	34.162	3.987	1,2273	4.892,88
14/06/20	FES	48	42	87,50 %	12,50 %	19.605	2.451	1,2273	3.007,65
IMPORTE TOTAL DA PERDA DE INGRESOS									2.848.641,91

Logo do cálculo da perda de ingresos pola imposibilidade parcial acordada pola XGL, o servizo xestor do expediente deberá ter en conta tamén os maiores e os menores gastos con respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato para determinar o importe da compensación, tendo en conta que para a compensación dos maiores gastos será necesaria a previa acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

III.- Opinión sobre o financiamento previsto no RDL 27/2020.

Di o servizo xestor nas páxinas 11 e 12 do seu informe que o artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19 contempla o dereito dos titulares das concesións de servizos ao restablecemento do equilibrio económico do contrato “e o Goberno mediante o Real Decreto lei 27/2020 de 4 de agosto, regula a formula para determinar a contía do reequilibrio. Dito Real Decreto lei non foi convalidado polo Congreso dos Deputados polo que non esta en vigor”.

En efecto, o Real Decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás entidades locais, perdeu a súa vixencia, ao non ser validado polo Congreso dos Deputados.

O artigo 5 da norma derogada autorizaba un crédito extraordinario para o apoio aos servizos de transporte público de titularidade de entidades locais para dotalas de maior financiamento para compensar o déficit extraordinario daquelas, como consecuencia da crise do COVID-19, producido durante o período de vixencia do estado de alarma e ata o final do ano 2020, distribuíndose en función dos ingresos por tarifa correspondentes a eses servizos para o ano 2018. Agora ben, ningunha referencia contiña, nin a exposición de motivos, nin o propio texto da norma derogada, ao artigo 34.4 do RDL 8/2020, polo que en ningún caso podemos concluír que o financiamento previsto no artigo 5 do RDL 27/2020 regulaba ou establecía os criterios para determinar o importe da compensación prevista naquel precepto, que resultaba de aplicación aos contratos de concesión de obras e de concesión de servizos, e non unicamente aos de transporte urbano de viaxeiros.

Polo contrario, os requisitos obxectivos, subxectivos e temporais de ambas normas eran completamente diferentes. Así, mentres os destinatarios do financiamento previsto no RDL 27/2020 eran todas as Entidades Locais que presten servizos de transporte público, no caso do RDL 8/2020 unicamente procederá recoñecer a compensación para o restablecemento do equilibrio económico do contrato establecida na citada norma naqueles supostos nos que o órgano de contratación apreciase a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación creada polo COVID-19, mediante a adopción do correspondente acordo en tal sentido.

Por outra parte, mentres que o financiamento previsto no RDL 27/2020 tiña por obxecto facer fronte ao déficit extraordinario motivado polo COVID-19 nos servizos de transporte público producido durante o período de vixencia do estado de alarma e ata o final do ano 2020, a compensación establecida no RDL 8/2020 ten por obxecto o restablecemento do equilibrio económico do contrato unicamente durante o período durante no que o órgano de contratación apreciase a imposibilidade de executar o contrato como consecuencia da situación creada polo COVID-19. Non procederá, polo tanto, recoñecer compensación algunha a favor do concesionario cando tal imposibilidade non fora apreciada polo órgano de contratación, nin tampouco desde o momento no que o órgano de contratación entenda que procede reanudar a prestación do servizo previamente suspendido, no seu caso.

En canto ao cálculo do déficit ou desequilibrio, o RDL 27/2020 partía dun sistema de aplicación xeral para todas as entidades locais: o financiamento establecíase nunha contía equivalente ao 33 por cento dos ingresos anuais por tarifa dos servizos de transporte no ano 2018. Polo contrario, o artigo 34.4 do RDL 8/2020 non establece un sistema de cálculo mediante a aplicación de fórmulas ou porcentaxes, ao dispoñer que o reequilibrio compensará aos concesionarios pola perda de ingresos e o incremento dos custos soportados respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato, e unicamente respecto da parte do contrato afectada pola imposibilidade, o que supón a necesidade de realizar os cálculos en cada caso, previa solicitude e acreditación documental polo contratista.

Por último, en canto a súa instrumentación, mentres que o RDL 8/2020 establece que o equilibrio económico do contrato poderá restablecerse mediante a ampliación da súa duración inicial ata un máximo dun 15 por 100 ou mediante a modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato, o RDL 27/2020 prevía a creación dun Fondo co obxecto de dotar ás Entidades Locais de maior financiamento que se faría efectivo mediante una transferencia corrente a favor da entidade lo-



Concello de Vigo

cal perceptora, polo que o restablecemento do equilibrio instrumentaríase necesariamente mediante una achega directa a favor do concesionario polo importe previamente recibido.

Conclusionés.

Nada ten que ver o mecanismo previsto no apartado 4º do artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, para o restablecemento do equilibrio económico dos contratos de concesión de obras ou de servizos como consecuencia do COVID-19, co previsto no artigo 5 do derogado RDL 27/2020, que tiña por obxecto a creación dun fondo para dotar ás Entidades Locais de maior financiamento para compensar o déficit extraordinario xerado nos servizos de transporte urbano pola crise do COVID-19.

En opinión desta intervención, o cálculo do importe da perda de ingresos realizado polo servizo de Transportes no informe asinado o 4/12/2020 que consta no expediente é conforme ao disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, ascendendo a 2.848.641,91 euros.

En canto aos maiores ou menores custos con respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato, a ter en conta para a determinación do importe da compensación para o restablecemento do equilibrio económico do contrato, será o servizo xestor o que deberá realizar a súa comprobación individualizada sendo requisito imprescindible a previa acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos”.

-V-

Das alegacións do concesionario

Evacuado trámite de audiencia a VITRASA sobre estes informes, presenta escrito de alegacións en data 9 de decembro. No mesmo manifesta a súa disconformidade con estas cantidades. Razona a mesma, na súa primeira alegación, no feito de que *“la situación de hecho creada por el COVID-19 (incluyendo las medidas adoptadas por las Administraciones Públicas para combatirla) ha tenido un triple impacto en el Contrato, imposibilitando su ejecución, puesto que: (i) los servicios contratados no se han prestado en su totalidad (esto es, el 100 por 100 de los servicios), sino únicamente de forma parcial atendiendo a las reducciones acordadas (Imposibilidad Primera); (ii) asimismo, los servicios que sí han sido prestados sólo han podido realizarse de forma parcial, esto es, no transportando al 100 por 100 de los viajeros (Imposibilidad Segunda) y (iii) además, dicha prestación se ha tenido que realizar de forma distinta a lo inicialmente pactado (Imposibilidad Tercera)”* (página 4). E considera que *“de forma equivocada, el Informe Propuesta únicamente toma en consideración la Imposibilidad Primera”* (página 4). Na súa opinión este informe *“obvia que el concepto de imposibilidad de ejecución establecido en el artículo 34.4 del Real Decreto-lei 8/2020 no se refiere únicamente a las suspensiones o reducciones de servicio, sino, de forma más amplia, a la imposibilidad de ejecutar los contratos en los términos inicialmente pactados (esto es, en la forma establecida en los Pliegos, en la oferta adjudicataria y en el resto de documentación contractual), lo que, en todo caso, además de la Primera Imposibilidad, debe incluir también a la Segunda y la Tercera”* (página 6). Na segunda alegación manifesta a súa disconformidade co período que debe abarcar o reequilibrio, que na súa opinión deber ser *“toda la duración de la situación de hecho generada por la crisis derivada del COVID-19”* (página 7). A terceira alegación versa sobre a súa disconformidade coa cantidade determinada nos referidos informes municipais.

En resposta ó mesmo, a xefa do servizo de Transportes, emite informe o 11 de decembro:

“Na data 9 de decembro de 2020 D. Luís Alberto González Ferreiro en nome de Viguesa de Transportes S.L. presenta escrito de alegacións en relación co trámite de audiencia concedido, polo que se dá traslado do informe emitido pola Xefa do Servizo de Transportes e o informe emitido polo Interventor Xeral no expediente de solicitude do restablecemento do equilibrio económico polos efectos producidos pola pandemia producida pola Covid-19 .Expediente 3078-449.

De ditas alegacións, dáse traslado a este servizo na data 10 de decembro para informe.

Examinadas as mesmas a empresa Viguesa de Transportes S.L. manifesta que a crise sanitaria xenerada pola Covid-19 provocou a imposibilidade de execución do contrato de transporte urbano colectivo de viaxeiros da que é concesionaria e que habendo solicitado a compensación do desequilibrio ate o mes de outubro, por un importe de 8.240.712,17 €, se lle dá traslado dun informe no que se propón soamente unha contía de 2.194.963,56 €, co que non esta de acordo xa que a crise sanitaria provocou a imposibilidade de prestar o contrato tal e como establece o prego de condicións por tres impactos:

Os servizos contratados non se prestaron na súa totalidade senón unicamente de forma parcial, posto que o Concello de Vigo acordou sucesivas reducións do servizo.

Os servizo que non quedaron afectados polas referidas reducións solo han podido ser prestados de forma parcial posto que no puideron transportarse o 100 por 100 dos usuarios, senón un porcentaxe reducido deles.

A prestación parcial do servizo tampouco puido prestarse nos termos inicialmente pactados, como consecuencia da adopción de diversas medidas orientadas a impedir a transmisión do virus.

Ademais consideran que o período de reequilibrio debe abarcar toda a duración da “ situación de feito “ xerada pola crise derivada do Covid -19 e non so como figura no informe remitido durante o tempo que estivo vixente na Comunidade Autónoma de Galicia o estado de alarma declarado mediante Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo.

Conclúen que como consecuencia de todo o anterior, o calculo do desequilibrio contido no informe non e correcto.

E solicita que polo exposto:

1) Se abone a súa representada a cantidade recoñecida no informe en concepto de pago a conta do total da indemnización que lle corresponde a Vitrasa

2) Dite Resolución pola que recoñeza a Vitrasa o dereito polo que le compense pola perda real de ingresos e o incremento dos custes soportados dende o mes de marzo até o mes de outubro de acordo coas solicitudes e informes presentados.

Todo sen perxuicio de que Vitrasa se reserva o dereito a reclamar o abono das cantidades que correspondan para compensar o desequilibrio que se siga producindo dende o citado mes de outubro ate que finalice a situación creada polo Covid-19

En resposta as alegacións formuladas pola empresa, INFORMASE o seguinte :

a) En relación coas alegacións relativas ao período de compensación do equilibrio:

Examinadas as alegacións formuladas pola empresa concesionaria en relación coa solicitude de restablecemento do equilibrio ao amparo do disposto no artigo 34,4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, debe considerarse o disposto no parágrafo último do citado número 4

“La aplicación de lo dispuesto en este apartado solo procederá cando el órgano de contratación, a instancia del contratista, hubiera apreciado la imposibilidad de ejecución del contrato como consecuencia de la situación descrita en su primer párrafo y unicamente respecto de la parte del contrato afectada por dicha imposibilidad.”

Polo tanto enténdese que o reequilibrio ao amparo do mencionado artigo , esténdese e soamente e aplicable a parte do contrato sobre a que a



Concello de Vigo

Xunta de Goberno Local (órgano de contratación do Concello) houberse declarado a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación creada polo Covid-19 e as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas o a Administración Local para combátello, e o que é un feito certo e que a imposibilidade de execución da totalidade do contrato do servizo de transporte urbano da cidade de Vigo, foi declarado soamente polos Acordos adoptados nas seguintes datas e nos porcentaxes acordados en cada un deles:

24 de marzo de 2020

13 de maio de 2020

5 de xuño de 2020

motivo polo que se procede ao estudo da compensación do equilibrio dende o 16 de marzo de 2020 de conformidade co acordo adoptado en data 24 de marzo e o 14 de xuño data ate a que estendeuse a redución acordada o 5 de xuño de 2020; datas que non teñen que ver co estado de alarma como manifesta a empresa nas súas alegacións, senón cos acordos adoptados.

Ademais nada se di no informe emitido na data 4 de decembro de 2020 sobre que a empresa non teña dereito a solicitar a compensación do equilibrio dende a citada data (15 de xuño de 2020) ate a data actual, así como no futuro, solicitudes que de algúns meses xa foron presentadas e que deben ser obxecto de estudo, e resolución de conformidade coa normativa que sexa de aplicación, pero non amparada no artigo 34, 4,.

b) en relación co alcance da imposibilidade de prestación do servizo.

En relación co alcance da imposibilidade de prestación do servizo, este aplícase sobre o porcentaxe de servizo reducido polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno local; como se fai constar no informe de data 4 de decembro de 2020, aplícanse os cálculos previos realizados pola Intervención municipal, segundo as cales o importe da indemnización debe calcularse unicamente sobre a parte do contrato afectada pola imposibilidade na prestación do servizo, que, no presente suposto, ven determinada exclusivamente, pola porcentaxe de redución do servizo aprobada en cada momento polo Órgano de Contratación, e que se recolle no cadro que se inclúe no informe, no que se determina o importe total da indemnización.

No informe emitido pola Intervención municipal na data 4 de decembro de 2020 en relación co informe do servizo, se di o seguinte:

Como consecuencia da imposibilidade parcial na prestación do servizo, o concesionario ten dereito ao restablecemento do equilibrio económico do contrato respecto da parte do contrato afectada pola devandita imposibilidade, mediante o recoñecemento dunha compensación ao seu favor determinada pola agregación dos seguintes conceptos:

+ Perda de ingresos

+ Incremento dos custos soportados respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato

- Diminución dos custos soportados respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato

= Importe compensación

En opinión desta intervención, e conforme ao disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, a perda de ingresos para cada un dos días afectados pola imposibilidade parcial na prestación do servizo deberase calcular como o resultado de multiplicar a tarifa vixente no ano 2020 (sen IVE), pola perda ou minoración diaria de viaxeiros producida como consecuencia da redución do servizo apreciada polo órgano de contratación.

A minoración diaria de viaxeiros determínase como resultado de aplicar as porcentaxes de redución do servizo de cada período sobre os viaxeiros estimados para cada día, podendo tomar como valor de referencia a estes efectos a media de viaxeiros no mes correspondente do ano 2019 para cada tipo de día (laborable, sábado ou festivo).

Realizados os cálculos anteriores resulta unha perda de ingresos como consecuencia da redución do servizo aprobada polo órgano de contratación de 2.848.641,91 euros,

Logo do cálculo da perda de ingresos pola imposibilidade parcial acordada pola XGL, o servizo xestor do expediente deberá ter en conta tamén os maiores e os menores gastos con respecto aos previstos na execución ordinaria do contrato para determinar o importe da compen-

sación, tendo en conta que para a compensación dos maiores gastos será necesaria a previa acreditación fidedigna da realidade, efectividade e importe polo contratista dos devanditos gastos.

Polo informado en relación coas alegacións formuladas pola empresa concesionaria, conclúese o seguinte :

Primeiro:O estudo da compensación do reequilibrio realizase exclusivamente e ao amparo do disposto no artigo 34,4 do Real Decreto-lei 8/2020, "imposibilidad de ejecución del contrato" do período durante o cal o servizo non se presta na súa totalidade polos acordos adoptados na Xunta de Goberno Local

Segundo:Os cálculos do reequilibrio realízanse así mesmo de conformidade co establecido no mencionado artigo 34,4 " unicamente respecto de la parte del contrato afectada por dicha imposibilidad." sobre o porcentaxe do servizo obxecto da redución polos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local.

A vista do anterior reitérase o contido do informe emitido por este servizo na data 4 de decembro de 2020 no sentido de propoñer a tramitación e aprobación, si procede, da cantidade de 2.194.963,56 € a favor da empresa Viguesa de Transportes S.L. en concepto de indemnización para manter o equilibrio económico da concesión de conformidade co previsto no artigo 34,4 do Real Decreto-lei 8/2020 de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. correspondente ao período de funcionamento do servizo entre o 16 de marzo e o 14 de xuño, período no que o servizo non se prestou na súa totalidade pola declaración de imposibilidade de prestalo acordada polo Órgano de Contratación .

Informase así mesmo que para a aprobación do importe de 2.194.963,56 € , existe crédito suficiente na partida 44122270600".

Como xa se puxo de manifesto no fundamento xurídico III, o citado artigo 34.4 establece como premisa para poder reequilibrar o contrato que o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato como consecuencia da situación xerada polo COVID e as medidas adoptadas con ocasión do mesmo. E a indemnización abarca precisamente o período no que o non foi posible a execución, total o parcial, do mesmo. A imposibilidade parcial de execución do contrato que nos ocupa foi declarada por acordo da XGL do 24 de abril de 2020 desde o 16 de marzo de 2020 e rematou o 14 de xuño de 2020. En consecuencia, procede desestimar as alegacións formuladas por VITRASA no citado escrito.

-VI-

Conclusiones

Para concluír, en resposta ás solicitudes de reequilibrio formuladas por VITRASA relacionadas nos antecedentes, e de conformidade cos informes obrantes no expediente procede acordar, o reequilibrio do contrato como consecuencia da suspensión da execución da concesión dende o 16 de marzo de 2020 ata o 15 de xuño de 2020 (data na que se reanuda o servizo), modificando o réxime económico desta e establecendo unha compensación económica única de 2.194.963,56 € euros euros que aboarase en efectivo, para garantir a liquidez do contratista para facer fronte ás súas obrigas.

Na aplicación orzamentaria 4122269900 Reequilibrio Tuc, e a súa bolsa de vinculación existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este pago.



Concello de Vigo

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

- 1º.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Luís Alberto González Ferreiro, en nome de Viguesa de Transportes S.L., en escrito de data 9 de decembro de 2020.*
- 2º.- Reequilibrar a concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da imposibilidade parcial da súa execución entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2020, e modificada en datas datas 13 de maio, 24 de maio e 5 de xuño para incrementar as porcentaxes de prestación do servizo.*
- 3º.-A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), por un importe de 2.194.963,56 euros que aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 44122269900 (Reequilibrio Tuc) e a súa bolsa de vinculación”.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás catorce horas e cincuenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez